

## ROXIN ROXAL – ACTIVIDADES REALIZADAS NO ANO 2023

### Roteiros de Primavera e Outono

**2023**

**ROTEIROS de primavera**

- 1 Sábado 6 de maio**  
**Os petróglifos do Monte das Penas**  
Saída: 19h00 da Casa do Pobo do Freixo (Oza - Cesuras)  
Actividade de tarde e noite na que, en colaboración coas **Brigadas da Paisaxe**, o paisaxista **Bruno Prada** e outros veciños e veciñas da zona, percorreren a **braña da Boquela**, un campo de mámoas e unha mina de auga con pozo que contén especies vexetais protexidas. Ao anoitecer, despois de merendar na **Casa do Pobo do Freixo**, visitaremos os **petróglifos do Monte das Penas**, recentemente interpretados polo arqueólogo **Antón Malde**, quen guiara o percurso. **Prazo de inscrición até 3 de maio.**
- 2 Domingo 21 de maio**  
**O Val do Frade e as Adegas da Memoria**  
Saída do autocarro: 9h00 de Betanzos (zona polideportiva)  
Os recentes descubrimentos arqueolóxicos no **Val do Frade** (Vilachá de Salvadur, Ribeira Sacra) serven de motivo para camiñar de novo por esta parroquia do concello da **Pobra do Brollón**, neste roteiro de mañá e tarde. Coas explicacións do arqueólogo e técnico de cultura **Xosé Gago**, visitaremos tamén a adegga **Val do Frade** e xantaremos nun funcho da localidade. **Prazo de inscrición na páxina web roxinroxal.gal a partir de 6 de maio.**
- 3 Sábado e domingo 17 e 18 de xuño**  
**A Rota do Románico**  
Saída do autocarro: Sábado 17 ás 8h00 de Betanzos (zona polideportiva)  
Chegada: Domingo 18 ás 21:30  
Por fin, despois da pandemia, podemos achegarnos até os concellos da **Rota do Románico** (zona de Lourosa, Amarañte, Penafiel, Marco de Canaveas, na arca do Porta). Descubriremos algúns dos seus peculiares monumentos, como son os mosteiros de **Pombeiro**, **Travanca** ou **Mancelos**, así como outros lugares de interese da zona. Roteo en Amarañte. Máis información nas próximas semanas nas canles habituais (páxina web, Facebook, Telegram...).

**roxinroxal.gal**

SUBVENCIONADA POR: **Deposición da Coruña**, **Rede do Patrimonio Cultural**, **GZ**, **COLABORAMOS CON: A Pobra do Brollón**

Roteiros con inscrición previa na páxina web [roxinroxal.gal](http://roxinroxal.gal). Prioridade persoas socias. Información actualizada na páxina web e nos enderezos electrónicos [ola@roxinroxal.gal](mailto:ola@roxinroxal.gal) e [roxinroxal@yahoo.com](mailto:roxinroxal@yahoo.com)



Mosteiro de Santa Cruz de Tuyo de Sousa (Penafiel)

**1. Os petróglifos do Monte das Penas (6 de maio).** Actividade de tarde e noite na que, en colaboración coas Brigadas da Paisaxe, o paisaxista Bruno Prada, o naturalista Fernando Bandín e outros veciños da zona percorreren a braña da Boquela, un campo de mámoas e unha mina de



auga con pozo que contén especies vexetais protexidas. Ao anoitecer, despois de merendar na Casa do Pobo do Freixo, visitamos os petróglifos do Monte das Penas, recentemente interpretados polo arqueólogo Antón Malde, quen guiou o percurso.

<https://roxinroxal.gal/video-petroglifos-branas-paisaxe-e-macroeolicos-no-primeiro-roteiro-de-primavera/>

**2. O Val do Frade e as Adegas da Memoria (21 de maio).** Os recentes descubrimentos arqueolóxicos no Val do Frade (Vilachá de Salvadur, Ribeira Sacra) serven de motivo para camiñar de novo por esta parroquia do concello da Pobra do Brollón, neste roteiro de mañá e tarde. Coas explicacións do arqueólogo e técnico de cultura Xosé Gago, visitamos tamén unha adegga e



xantamos nun furancho da localidade. Foi unha actividade organizada en colaboración co Concello da Pobra de Brollón.

<https://roxinroxal.gal/roteiro-o-val-do-frade-en-vilacha-de-salvador-nova-incursion-pola-ribeira-sacra/>

**3. A Rota do Románico** (30 de setembro e 1 de outubro). Despois da cancelación da actividade por causas totalmente alleas á nosa vontade (avaría do autocarro que nos ía levar e imposibilidade de atopar substituto) , atopamos novas datas para incluír esta actividade nos próximos Roteiros de Outono.



Estivemos na Rota do Románico dos vales do Sousa e o Tâmega e visitamos os monumentos máis significativos. Foi unha actividade organizada en colaboración coa Rota do Románico dos vales do Sousa, Tâmega e Douro.

<https://roxinroxal.gal/video-visita-a-rotas-do-romanoico/>

**4. Monte Xalo: as pedras que falan** (15 de outubro). Lois Vilar Hermidas e Xabier do Loureiro servíronnos de guías nesta primeira incursión de RR no marabilloso e mítico espazo do Monte Xalo.



Nin choiva puido connosco! Xabier e Lois son coñecedores, amantes e defensores do Xalo. Lois mantén unha páxina no Facebook dedicada ao estudo etnográfico deste espazo. Historias, lendas, receitas tradicionais... Ao final do percurso agardábanos en Celas de Peiro a celebración do Día da Muller Rural, organizado polas amigas da asociación As Berenguelas.

<https://roxinroxal.gal/video-a-xornada-do-monte-xalo/>

**5. o Iribio: amar a terra, parar a desfeita** (28 de outubro). A Serra do Iribio (tamén chamada *Oribio*), na antesala do Courel entre os concellos de Samos e Triacastela, é outro espazo singular de grande valor ecolóxico e histórico, tamén ameazado pola ofensiva dos macroeólicos. Neste roteiro paisaxístico e literario lembramos os poetas **Uxío Novoneyra** e **Fiz Vergara**, así como o primeiro trobador galego-portugués coñecido, **Martim de Padrozelos**. Foi unha actividade organizada co movemento ecolóxico das localidades de Triacastela e Samos así como co Concello desta última localidade.

<https://roxinroxal.gal/video-roteiro-pola-serra-do-iribio/>



**6. A ruta do sabio percebeiro Milucho Mariñas** (9 de decembro). Emprendemos a **Ruta do sabio percebeiro Milucho Mariñas**, con Xurxo Souto. Once anos despois, voltamos a este privilexiado lugar da Coruña da man de Xurxo. En 2012 Xurxo guiounos polas pedras da Torre xunto con Fernando Patricio e o falecido Milucho, toda unha lenda no bairro de Monte Alto. É un roteiro doado de camiñar, previsto para durar dúas horas e media, que tivo que ser acurtado pola choiva.

<https://roxinroxal.gal/roteiro-a-ruta-de-milucho-marinhas-pola-torre-de-hercules-con-xurxo-souto/>

## Ciclo *Os diálogos de Paderne*

### Actos presenciais

**7. Exposición do debuxante e ilustrador Xoán Andrade** (3 de febreiro a 8 de marzo). Edificio Arquivo (Betanzos). Xoán, que é socio destacado de Roxín Roxal, recolle nesta exposición os seus traballos de varias décadas como debuxante e caricaturista, nos que colaborou con varios medios dixitais e en papel, como Sermos Galiza, Nós-Diario Galego ou La Región. Podemos ver unha boa colección dos seus traballos no seu blogue, tamén chamado *Pingas de humor crítico*. No acto de inauguración actuou o grupo vocal SonDeNós.

<https://roxinroxal.gal/o-debuxante-xoan-andrade-expon-a-sua-obra-en-betanzos-a-partir-do-3-de-febreiro/>



**8. Nós Diario: 100 números** (30 de novembro). Salón Azul do Edificio Arquivo (Betanzos). A directora do diario, María Obelleiro, e o conselleiro delegado de Sermos Galiza, Xoán Costa, participan neste acto conmemorativo, un encontro aberto ao debate, que presenta o xornalista Daniel Seixo.

<https://roxinroxal.gal/con-nos-diario-o-proximo-30-de-novembro/>

**9. Concerto do sexteto vocal SonDeNós** (22 de decembro). Despois do bo sabor de boca que nos deixou o pasado ano o concerto do grupo vocal Canta Compañía no mesmo lugar, este 22 de decembro voltan boa parte dos seus compoñentes á Igrexa de Santiago baixo a forma de sexteto vocal.

<https://roxinroxal.gal/concerto-o-sexteto-vocal-sondenos-na-igreja-de-santiago-betanzos-o-22-de-décembro/>



## Actos en liña

**10. Entrevista co debuxante Xoán Andrade** (23 de febreiro). O xornalista Daniel Seixo conversa con Xoán Andrade, cuxa exposición *Pingas de humor crítico* se exhibe no Ed. Arquivo de Betanzos até 08/03/23.

<https://roxinroxal.gal/streaming-daniel-seixo-entrevista-o-debuxante-xoan-andrade/>

**11. As mulleres espontaneadas. Entrevista con Ángel Arcay** (29 de marzo). Un ensaio publicado recentemente polo historiador Ángel Arcay presenta os datos sobre a existencia dunha figura xurídica, única en Galiza, que abría a porta á normalización da existencia de nais solteiras con todos os dereitos, o que lles permitía vivir a súa sexualidade sen dobregarse á vontade masculina.

<https://roxinroxal.gal/29-de-marzo-as-mulleres-espontaneadas-daniel-seixo-entrevista-angel-arcay/>

**12. Documental Camarada Fraga. Entrevista a Manuel Monge** (20 de abril). O xornalista Daniel Seixo entrevista Manuel Monge, (Comisión pola Recuperación da Memoria Histórica da Coruña) sobre o recentemente estreado documental “Camarada Fraga. Memoria dun fascista”, un traballo documentado arredor da “cara B” da figura do exministro franquista de Información e Turismo e expresidente da Xunta.

<https://roxinroxal.gal/streaming-documental-camarada-fraga-daniel-seixo-entrevista-manuel-monge-cr-memoria-historica-da-coruna/>

**13. Enerxía eólica, como? Entrevista a Xosé Manuel Golpe** (15 de setembro). Daniel Seixo entrevista Xosé Manuel Golpe, experto en comunidades enerxéticas locais. Como aproveitar as nosas enerxías renovábeis -eólica incluída- sen destruír o País? Comezamos a nosa programación

de outono con esta entrevista sobre un aspecto vital para a supervivencia e a prosperidade da nosa terra.

<https://roxinroxal.gal/a-enerxia-eolica-como-15-de-setembro-nas-canles-de-youtube-e-facebook/>

**14. Entrevista a Christina Moreira** (2 de novembro). Christina Moreira, muller sacerdote católica, celebra misa (en galego, naturalmente) desde hai anos na Comunidade do Home Novo na Coruña, aínda que en aberta contradición coa oficialidade da Igrexa. Francesa e galega ao mesmo tempo, Cristina mantén as súas raíces familiares nunha parroquia do noso concello de Paderne.

<https://roxinroxal.gal/streaming-2-de-novembro-conversa-con-cristina-moreira/>



**15. Entrevista a María Obelleiro, directora de NÓS Diario** (30 de novembro).

Antes do acto no Salón Azul de Betanzos, a directora de NÓS Diario participa nesta entrevista en liña, conducida polo xornalista Daniel Seixo.

<https://roxinroxal.gal/con-nos-diario-o-proximo-30-de-novembro/>